



23  
febreiro

Sábado, 23 de febreiro, 18.30 horas,  
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Duración: 50 minutos  
Público recomendado: infantil, a partir de 5 anos

## LAZARILLO

CARAMUXO TEATRO

Dirección: Juan Rodríguez  
Intérpretes: Xosé Esperante, Juan Rodríguez,  
Laura Sarasola

### A OBRA

Caramuxo teatro preséntanos unha adaptación do libro de Lazarillo de Tormes nunha mon-taxa con tres actores e en clave de comedia. Un espectáculo que quere achegar unha nova visión

do clásico dende a tradición e cultura galega, "galeguizando" a novela e achegándoa máis á nosa realidade, algo que se ve reflectido nas expresións, nas partes musicais e mesmo nos costumes gastronómicos. Cambios que, seguindo fieis ao orixinal, intentan facer a novela máis próxima aos nosos rapaces e rapazas. A compañía recupera este texto para darlle outra volta de parafuso, achegala a un público máis familiar e conseguir unha proposta máis completa, vistosa e interesante dende o punto de vista educativo. Unha historia de fame e supervivencia que de seguro divertirá a toda a familia.

### A COMPAÑÍA

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no 2003 formada por Juan Rodríguez e Laura Sarasola.

No 2005 estrean Glub, Glub, o que foi no seu momento o primeiro espectáculo de teatro para bebés producido en Galicia. Actualmente, ademais de traballar nunha liña específica para bebés, co espectáculo "Zapatos" (recomendado na Red Nacional de Teatros e con Mención especial do Xurado no 26 Festival Internacional de Títeres Vall d'al Baída) ten en carteleira espectáculos para o público infantil e familiar.

Dende os inicios mesturan diferentes técnicas, teatro de actor, monicreques, danza..., producindo espectáculos como "Mensaxe sen botella", "Historia dunha semente", "Lazarillo", "Animaliños", "Os Bolechas", entre outros.

A liña de traballo céntrase nuns textos elaborados a partir da súa experiencia no eido educativo, unha estética cuidada e unha escolla musical axeitada de modo que o resultado sexa un traballo poético emotivo e visual para gozar en familia.



24  
febreiro

Domingo, 24 de febreiro, 20.30 horas,  
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Duración: 140 minutos

## LA ODISEA de Homero

PRODUCCIONES EL BRUJO

Dirección: El Brujo  
Intérpretes: Rafael Álvarez, El Brujo  
Músicos: Percusión: Daniel Suárez "Sena", corda:  
Javier Alejano, percusión: Mauricio Loseto

### A COMPAÑÍA

Rafael Álvarez naceu en Lucena (Córdoba). Empezou a traballar en 1970 no teatro universitario e en

compañías de teatro independente como Tábano, TEI e Teatro Libre de Madrid. É titulado pola Escola Superior de Arte Dramática, e está en posesión da Medalla de Ouro ao mérito nas Belas Artes. O público de Lugo entusiasmouse xa con algúns dos seus extraordinarios espectáculos en anteriores edicións desta mostra; en concreto, no ano 2006 deleitounos con *Los misterios del Quijote o el ingenioso caballero de la palabra* e no ano 2010 con *El evangelio de San Juan*.

### A OBRA

A Odisea é un proxecto que se integra nunha liña de traballo sostida durante anos seguindo o estilo propio do "actor solista", tradición europea que se remonta aos xograres antigos e cuxo expoñente máis prestixioso é o premio nobel Darío Fo.

A Odisea segue o impulso de espectáculos como *Lazarillo de Tormes*, *El Quijote* ou *El evangelio de San Juan*. Sobre a base dun referente clásico de ampla difusión cultural ofrécese ao público unha lectura renovada dos mesmos motivos antigos, tratando de extraer os valores contidos neles, nunha época na que a información ás veces menoscaba o sentido e a orientación final do coñecemento. Como sempre, estas preocupacións latexan debaixo dun esquema sinxelo que fai do espectáculo directo, vivo, popular nun constante manexo do humor como fío condutor do relato. A Odisea incorpora a música en vivo con instrumentos tradicionais antigos que remiten ao contexto musical de Oriente, Turquía, Bizancio e a India: táboa hindú, pedais, citar, notas sostidas, etc.

A Odisea presentará un mundo fantástico para un público que non ten tempo para ler estes textos pero que está ávido deles no marco dos grandes festivais do teatro clásico deste país.

O espectáculo estará conectado desde a perspectiva e o punto de vista da deusa Palas Atenea, verdadeiro artífice das aventuras de Ulises a través da súa orixe de retorno a Ítaca. Ulises aparece como un instrumento eficaz para que a deusa despegue a súa acción e a súa enerxía no mundo: a transformación do instinto primario que leva o home (a Ulises) á violencia, nunha forza positiva e civilizadora que a conduce á paz. Atenea é a deusa da Paz, a Sabedoría, a Misericordia e patroa da Democracia. A luz, a escenografía, a música e o ritmo da comedia pretende unificarse neste espectáculo coa prosodia clásica e unha adaptación do texto que se traballou sobre as versións dos máis prestixiosos helenistas deste país.

A Odisea pretende extraer os valores simbólicos implícitos no relato e prodígalos cunha linguaxe accesible ás pretensións do teatro popular. Nota do autor, Rafael Álvarez

Rafael Álvarez *El Brujo* leva ao seu terreo La Odisea, o poema épico grego atribuído a Homero, que narra as vicisitudes do heroe Odiseo - Ulises en latín- no seu periplo de vinte anos de regreso a súa patria, Ítaca, tras a súa participación na Guerra de Troia, mentres a súa muller Penélope e o fillo de ambos os dous, Telémaco, teñen que sufrir aos pretendentes que a roldan e que esquilmán os seus bens ao crer morto ao dono da casa. Ao igual ca os primeiros narradores orais da historia, os aedos, *El Brujo* preséntase só sobre o escenario, tan só arroupado pola música en directo, para contar co seu persoal estilo algúns dos máis coñecidos episodios desta lendaria viaxe.



26  
febreiro

Martes, 26 de febreiro, 20.30 horas,  
Auditorio Municipal Gustavo Freire

Duración: 90 minutos

## MADAME BOVARY de Gustave Flauvert

PENTACIÓN

Dirección: Magüi Mira  
Intérpretes: Ana Torrent, Juan Fernández,  
Armando del Río, Fernando Ramallo

### A COMPAÑÍA

Pentación Espectáculos é unha empresa que no ano 1988 formaron varios profesionais do teatro: José Luis Alonso de Santos, Gerardo Malla, Rafael Álvarez "El Brujo", Margarita Piñeiro, Tato Cabal e

Jesús Cimarro. A parte artística e a parte de xestión unidas á busca dun proxecto común. Pero, que é Pentación? En primeiro lugar, unha empresa de iniciativa privada cuxo obxectivo é producir, promover e distribuír espectáculos teatrais. En segundo lugar, Pentación apostou por unha renovación da linguaxe, os temas e os autores e autoras teatrais.

Pentación pon en escena Madame Bovary, obra mestra de Gustave Flauvert, novela que viu a luz por entregas na Revista de París en 1856. Esta é a primeira vez que a historia é levada a un escenario en España, versión que corre a cargo de Emilio Hernández. Ana Torrent é a encargada de asumir a difícil tarefa de dar vida a esta heroína, acompañada de Juan Fernández, Armando del Río e Fernando Ramallo, nunha posta en escena cun espazo baleiro que permite trasladar a acción e o tempo de maneira eficaz.

### A OBRA

Enma Bovary, muller intelixente inmersa nos duros principios morais e sociais de 1850 que obrigán a muller a vivir submisas, intenta escapar desa paisaxe na que se afoga, non respira.

Pensa: sempre que unha muller é atraída por un desexo, existe xa unha norma pensada para reprimilo...

Enma le, imaxina, soña, desexa, comprácese con festas, compras excesivas, pelexa polo que ela entende unha vida libre, acepta e goza da relación con Rodolfo, o seu primeiro amante, e con León, estudante novo, o seu neno ao que tamén ama...

Pérdese, equivoca a saída, cada vez máis soa, fúndese impotente, entra no camiño da destrución... O amor incondicional do seu home Carlos Bovary non pode facer nada por ela...

Magüi Mira, directora

Do 17 ao 26  
de FEBREIRO  
Auditorio Municipal  
Gustavo Freire





## BONOS E ENTRADAS

### BONOS - 7 REPRESENTACIÓNS

ZONA A: 45 euros  
ZONA B: 35 euros  
ZONA C: 25 euros

### ENTRADAS

ZONA A: 12 euros  
ZONA B: 9 euros  
ZONA C: 7 euros

\* desconto de 2 euros para persoas en paro, menores de 30 anos e xubilados  
Lazarillo, obra para público familiar: prezo único de 5 euros

**Venda anticipada de bonos: Do 4 ao 15 de febreiro** no Centro de Interpretación da Muralla, CIM, situado na praza do Campo número 11.

**Venda de entradas:** En horario de luns a domingo de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 18.00 horas no CIM. O día da función ata as 13.00 horas no CIM e 1½ antes da función no Auditorio Municipal.

\* As persoas que adquiren entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

**IMPORTANTE: NON SE PERMITIRÁ O ACCESO Á SALA UNHA VEZ COMEZADA A FUNCIÓN**

17

febreiro



**Domingo, 17 de febreiro, 20.30 horas, Auditorio Municipal Gustavo Freire**

Duración: 55 minutos  
Espectáculo para todos os públicos (preferentemente a partir de 15 anos)

## JUANA LA LOCA, la reina que no quiso reinar

### HISTRIÓN TEATRO

**Dirección:** Juan Dolores Caballero  
**Intérpretes:** Gema Matarranz; **coro:** Enrique Torres

### A COMPAÑÍA

Histrión teatro, s.l., nace como empresa no ano 1994 e desde entón desenvolveu unha actividade continuada no campo do teatro profesional tanto para persoas adultas como para nenos

e nenas. Entre os anos 1996-2000 foi compañía residente nos Teatros Calderón de la Barca de Motril e Casa da Cultura de Santa Fe, realizando diversas actividades no ámbito educativo.

Na súa traxectoria, Histrión Teatro consolidou unha franxa de mercado prezada tanto na comunidade andaluza coma fóra dela.

Na actualidade mantén activos os espectáculos *Del maravilloso mundo de los animales: los corceiros*; *Teatro para pájaros* e *Traición*.

### A OBRA / A PERSONAXE

A raíña *Juana I* de Castela, a chamada polo pobo *JUANA LA LOCA*, naceu en Toledo en 1479. Era filla dos Reis Católicos, os que, por razóns de estado, a casaron aos dezaseis anos con *Felipe el Hermoso*, fillo á súa vez do emperador Maximiliano I. A importancia da raíña *Juana* é extraordinaria. Non só entra con ela en España a casa de Austria, senón que todos os seus fillos chegarán a ocupar os principais tronos europeos. Para nós, o máis coñecido é sen dúbida o seu herdeiro o emperador Carlos V.

A pesar desta fastuosa descendencia, a vida de *Juana* estivo chea de sufrimentos e amarguras. O seu matrimonio durou apenas dez anos xa que *Felipe el Hermoso* morreu en Burgos no mes de setembro de 1506, é dicir, fai exactamente cinco séculos. A morte do seu home e tal vez certo desequilibrio mental que a raíña arrastraba desde a adolescencia fixeron que tres anos despois, o seu pai, Fernando o Católico, a encerrase no palacio de Tordesillas onde permaneceu enclaustrada durante o resto da súa vida, é dicir, ao longo de corenta e seis longos anos.

O palacio de Tordesillas estaba moi próximo ao convento de Santa Clara, en cuxa capela se depo-

sitou o cadáver de *Felipe el Hermoso*. *Juana* facíalle frecuentes e obsesivas visitas e non é desatinado pensar que algunha vez se decidira a pasar a noite xunto dos restos mortais do seu amado home.

É esta unha mirada nacida dos ollos de *Juana*, *Juana* de Castela, *Juana la Loca*, nai de reis e raíñas, testemuña doente das intrigas e ambicións palacianas. É o berro desgarrado de quen sobreviviu a cantos teceron a súa loucura, o imaxinado testemuño da principal protagonista da historia e da lenda.

19

febreiro



**Martes, 19 de febreiro, 20.30 horas, Auditorio Municipal Gustavo Freire**

Duración: 100 minutos, sen descanso  
Público preferente: persoas adultas

## EL MÉDICO DE SU HONRA de Calderón de la Barca

### TEATRO CORSARIO

**Dirección:** Jesús Peña  
**Intérpretes:** Verónica Ronda, Carlos Pinedo, Julio Lázaro, Luis Miguel García, Rosa Manzano, Rubén Pérez, Borja Semprún, Teresa Lázaro.

.....  
Luis Bermejo, director

### A OBRA

Conta a historia de don Gutierre, un home obsesionado coa sospeita do amor entre a súa muller Mencía e o infante don Enrique, irmán do rei Pedro I de Castela. Para que o suposto adulterio non se faga público, don Gutierre decide ser o "médico da súa honra" e levar a cabo un diabólico plan.

Escrita a mediados do século XVII, *El médico de su honra* é unha traxedia de mulleres nun mundo dominado polos homes. Aquí está a sanguenta receita para curar os celos; o asasinato premeditado e consentido pola autoridade; o reino do secreto, a dobre moral e os valores inquebrantables. A partir dun tema desgraciadamente tan actual como a violencia machista, Calderón constrúe con man mestra unha historia asombrosa. Transmitir con claridade e con austera beleza foi o obxectivo do director Jesús Peña. Nada debe distraer ao público espectador de canto se expresa por boca dos actores e actrices e do significado das súas accións. En definitiva, a compañía Teatro Corsario apostou polo esencial.

### A COMPAÑÍA

A compañía decana de España en teatro clásico presenta agora unha das máis apaixonantes obras de Calderón, *El médico de su honra*, en versión e dirección de Jesús Peña.

Teatro Corsario formouse en 1982. A súa longa traxectoria caracterízase por un especial tratamento dos clásicos en lingua castelá, que fixo de Teatro Corsario unha das mellores compañías de verso. Pero ademais dos grandes clásicos, españois ou non, ten feito montaxes sobre textos de Jardiel Poncela, Jean Cocteau, Lewis Carrol,

Tennessee Williams, Peter Handke, Antonin Artaud, Luis Mateo Díez ou Fernando Urdales. Tamén poñen en escena innovadores espectáculos de monicreques para público adulto. Ademais das súas xiras por toda España, actuaron en Francia, Gran Bretaña, Alemaña, Italia, Austria, Portugal, Bélxica, Holanda, Dinamarca, Polonia, Estados Unidos e varios países de Iberoamérica. Dende o 2007 Teatro Corsario é compañía concertada co Ministerio de Cultura, e entre os seus últimos premios destaca o "Adolfo Marsillach" da Asociación de Directores de Escena de España "a un labor teatral significativo".

20

febreiro



**Mércores, 20 de febreiro, 20.30 horas, Auditorio Municipal Gustavo Freire**

Duración: 1 hora 45 minutos, sen descanso

## YO SOY DON QUIJOTE DE LA MANCHA

*Dramaturxia de José Ramón Fernández do texto de Cervantes*  
*Música orixinal de Ramiro Obedman*

### METRÓPOLIS TEATRO

**Dirección:** Luis Bermejo  
**Intérpretes:** José Sacristán, Fernando Soto, Almudena Ramos, José Luis López

.....  
Luis Bermejo, director

### A OBRA

Nesta época de desencanto, esborrallamento social, de perda de valores morais, inxustizas, descrenza, depresión, recesión, de perplexidade cidadá... nesta época, digo, hai que chamar ao noso heroe para que nos devolva a honra e nos axude a desmascarar aos mercadores de soños que nos oprimen cos seus desexos de cobiza.

E temos un heroe que subxace en cada un de nós, coma unha filigrana íntima: o Quijote.

*Yo soy Don Quijote de la Mancha* é unha nova aventura de Don Quijote, Sancho Panza e Sanchica, escrito por un xenio dos nosos días e interpretado pola "flor e nata da andante comiquería"

Necesitamos crer que é posible recuperar a honra, así que o noso heroe nos propón esta nova viaxe, esta nova aventura, e nós ímola habitar coa intención de extraer do seu interior o tema que nos emociona, que nos obsesiona: o desexo de bondade, de xustiza, de solidariedade, para elevar o amor por riba dos homes.

Propoñemos un xogo metateatral como mecanismo dramático. Temos así unha agarradoira para entrar na realidade e a ficción e saír delas. Queremos que a persoa espectadora asista non só aos incidentes da nosa narración, senón á súa propia elaboración.

O teatro pola súa enorme potencia física necesita de inmensas paixóns e toda a oficina artística e técnica deste proxecto a teñen. Quero engadir ademais que Don Quijote é José Sacristán que fala desde o nivel exacto do home.

Veñan con nós e fagan un pouco de silencio para ver que esta voz está afinada no xusto ton do home.

Luis Bermejo, director

### A COMPAÑÍA

Jacinto Bravo e Salvador Aznar, fundadores de Metrópolis Teatro, animados por Adolfo Marsillach e Mercedes Lezcano, inician a súa traxectoria como produtores co espectáculo "Mujeres" de Mercè Rodoreda en versión e dirección de Mercedes Lezcano no ano 1999.

No ano 2000, Metrópolis Teatro estrea "Otoño en familia" de James Saunders en versión de Adolfo Marsillach e dirección de Mercedes Lezcano.

No ano 2003 inicia a produción de "Danza macabra" de Strindberg en versión de Francisco Melgares e dirección de Mercedes Lezcano. José Sacristán, Mercedes Sampietro e Juan Gea dan vida aos personaxes creados por este magnífico autor.

En decembro de 2004 inicia a produción "Conversación con Primo Levi" en versión e dirección de Mercedes Lezcano. Manuel Galiana e Víctor Valverde dan vida a Primo Levi e Ferdinando Camon respectivamente.

En 2007 estréase "Un Picasso" de Jeffrey Hatcher en versión de Nacho Artime dirixido e protagonizado por José Sacristán, Ana Labordeta / Sonia Castelo dan vida a Miss Fischer.

En 2012 estrea "Extraño Anuncio" de Adolfo Marsillach baixo a dirección de Mercedes Lezcano.

"Yo soy Don Quijote de La Mancha" de Cervantes en versión de José Ramón Fernández e dirección de Luis Bermejo con José Sacristán, Fernando Soto, Almudena Ramos e José Luis López. Estreouse na XXXV Edición do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro. En Madrid estreouse o 15 de novembro de 2012 no Teatro Español.

22

febreiro



**Venres, 22 de febreiro, 20.30 horas, Auditorio Municipal Gustavo Freire**

Duración: 75 minutos

## DECAMERÓN, historias para tempos críticos de Boccaccio

### ABRAPALABRA

**Dirección e intérprete:** Cándido Pazó

### A COMPAÑÍA

A Compañía Abrapalabra Creacións Escénicas xorde da necesidade de Cándido Pazó de ter unha estrutura para estrear os espectáculos escritos e dirixidos por el mesmo. Comeza a súa activi-

dade no 2008 estreando o espectáculo "Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a República", espectáculo escrito polo propio Cándido Pazó. A continuación chegaría "A Piragua", escrita e dirixida tamén por Cándido Pazó. Actualmente, ofrece numerosos espectáculos unipersoais: "O falar non ten cancelas", "O espectáculo da palabra", "Cunqueiradas" e está de xira co espectáculo "Memorias das memorias dun neno labrego" sobre a obra de Neira Vilas, adaptado e interpretado por Cándido Pazó.

### A OBRA

Nos tempos críticos e ruíns o alivio do humor é máis necesario ca nunca. Así era no século XIV, tempo de pestes e andazos, cando Boccaccio escribiu os tan célebres como divertidos contos do Decamerón. Así é hoxe, con esta adaptación para o teatro e a palabra. Unha actualización escénica para un tempo no que outras pestes e andazos nos ameazan. Un espectáculo a unha soa voz, como facían os xograres e bululús de entón e como fan os cómicos populares de agora. Unha voz actoral acompañada: música orixinal, deseño lumínico e sonoro, videocreación, escenografía...

Serán 75 minutos de aceda diversión, de comunicación directa e explosiva co público, de diálogo metafórico e satírico coa actualidade.